

se anicaba algo para que puidesen bicalo. Cando sentiu os beixos, un en cada meixela, soubo que aquel ía ser con seguridade o seu mellor agasallo de Nadal.

Marcharon as tres, cunha viva expresión de felicidade nos seus rostros. Adrián suspirou, satisfeito. Agora só lle quedaba arranxar o detalle da tarxeta, pero iso, despois da experiencia cos cadernos de notas, parecíalle pan comido. Sacouna do sobre e leu o que había escrito nela:

*Amigo Romualdo:*

*Estoulle moi agradecido polo seu apoio ás obras da urbanización Terra Meiga. Un abrazo e felices festas.*

Adrián non cambiou nin unha coma. Como había espazo suficiente, o único que fixo foi engadir unha breve posdata:

*P. D.: Debe coidar a súa saúde, aínda temos que facer moitos negocios xuntos. Xa ve que todo o que lle mando son alimentos sans. Considéreos unha axuda para evitar os desagradables excesos destas festas de Nadal.*



ao seu lado nin a xente que se paraba para observalos. O seu desencontro quedaba arranxado, aquelas dúas persoas recibirían o novo ano coa felicidade bailándolles nos ollos.

Adrián pagou o que consumira e marchou da cafetaría; o seu labor acabara xa. Sentíase contento, como sempre que conseguía enganar os dados do destino, pero non podía evitar un fondo de amargura no seu corazón. Cando podería sentir el algo semellante, cando se cruzaría na súa vida cunha muller que o quixese tal como era? Quizais nunca, pensou con tristeza, coa mesma tristeza que o invadía cada vez que a soidade lle resultaba unha carga demasiado pesada de levar.

